

## MODIFICACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS

En aplicación dos acordos adoptados polo Claustro Universitario na súa sesión do 11 de marzo de 2004, cómpre unha reestructuración de competencias dos vicerreitorados da Universidade de Santiago de Compostela, tendo en conta tamén a creación do Vicerreitorado de Estudiantes e Relacións Institucionais, en substitución do Vicerreitorado de Estudiantes, por resolución reitoral do 26 de abril de 2004, de conformidade co artigo 87 h) dos Estatutos da Universidade. Dita reestructuración debe conlevar a modificación da Resolución reitoral do 11 de xullo de 2003 sobre delegación de competencias en determinados órganos universitarios (DOG do 11 de xullo). En consecuencia, este reitorado

### ACORDA

Primeiro.- Delégase no Vicerreitor/a de Calidade e Planificación Estratéxica:

- 1) O desenvolvemento de programas de Calidade.
- 2) O deseño e execución de Planes estratéxicos.
- 3) A solicitude de axudas e subvencións en materia de calidade.
- 4) A supervisión da xestión e das infraestructuras e distribución dos espazos da Universidade, sen prexuízo das facultades delegadas ao Vicerreitor de Economía e Financiamento e ao Xerente.
- 5) A dirección operativa da organización dos datos e estatística da USC.

Segundo.- Delégase no Vicerreitor/a de Estudiantes e Relacións Institucionais:

- 1) A presidencia do xurado nas bolsas da convocatoria xeral do MEC.
- 2) As convocatorias e resolucións relativas aos procesos de Bolsas e axudas aos estudantes de 1º e 2º ciclo.
- 3) A representación da USC nos procesos selectivos de bolsas compensatorias da Xunta de Galicia.
- 4) A representación da USC nos procesos selectivos das bolsas "Séneca" e de bolsas doutros organismos, destinadas a estudantes.
- 5) Tódalas competencias relacionadas con programas europeos e de intercambio nacional e internacional.
- 6) As convocatorias de axudas para mobilidade de estudantes e profesores cara ao exterior.
- 7) A convocatoria de bolsas pre e posdoutorais para iberoamericanos.
- 8) As materias relacionadas coas asociacións de estudantes e en particular coa convocatoria e resolución de axudas de promoción de asociacionismo de estudantes, así como a resolución das reclamacións contra as mesmas.
- 9) A convocatoria e resolución doutras bolsas convocadas polo Vicerreitorado de Estudiantes e Relacións Institucionais.
- 10) A coordinación e dirección da oficina do Voluntariado da USC.
- 11) A dirección operativa da Oficina de Relacións Exteriores.
- 12) A dirección operativa dos servizos de orientación.

Sexto.- Delégase no Responsable de Comunicación e do Gabinete do Reitor:

- 1) A dirección operativa da área de información e comunicación universitaria.
- 2) A supervisión da aplicación da imaxe corporativa da USC, así como as restantes competencias que a normativa ou órganos de goberno da USC atribuíron ao Vicerreitorado de Comunicación e Proxección Exterior no tocante ás actividades de comunicación.

Séptimo.- Revócase a delegación de competencias en favor do Vicerreitor de Tecnoloxías e Infraestruturas e no Vicerreitor de Comunicación e Proxección Exterior aprobada por Resolución Reitoral do 11 de xullo de 2003 (DOG do 18 de agosto), así como o resto da delegación no que se opoña á presente Resolución. Corresponderanlle ao reitor as competencias non atribuídas a outras persoas pola presente Resolución.

Oitavo.- Esta Resolución deberá publicarse no Diario Oficial de Galicia e entrará en vigor ao día seguinte da devandita publicación. Delégase a sinatura do reitor nos vicerreitores/as e no Responsable de Comunicación e do Gabinete do Reitor mencionados nesta resolución, para resolver os asuntos que lle son atribuídos nela ata a súa entrada en vigor.

Santiago de Compostela, 5 de maio de 2004

O REITOR



Senen Barro Ameneiro

Enviado a:

Membros do Consello de Dirección; Decanos e Directores de Centro, Directores de Departamento, Directores de Institutos Universitarios, Xefes de Servizo e Oficinas das Unidades de Xestión Académica.